

## *O meu Val Miñor*

FRAN ALONSO

Caía o outono e unha luz nítida iluminaba a vila de Baiona, enchendo toda a súa pedra de fermosos contrastes. O meu avó tomaba a chiquita, acompañada de noces con pan, na terraza da casa familiar embelesado na contemplación daquel mar ao que, desde neno, entregara a maior parte da súa vida. O alcume polo que sempre fora coñecido, O Rapaciño, non lle viñera, de feito, en van. Eu peliscaba nas súas noces, enredado, cando chegou meu pai cun encargo. Precisaba unhas alcaiatas para pendurar un cadro da parede e pedíume que llas fose buscar á ferretería de Aurelito. Aquel recado era un auténtico fastío. Sobre todo, porque tiña que ir a pé. O día anterior estragáraseme a bicicleta e xa a levara ao bicicleteiro da Concheira para que ma reparase, pero non ma daba ata o día seguinte. Así que tiña que camiñar. E a ferretería de Aurelito estaba no outro extremo da vila, case fronte á vella lonxa. Atendín distraidamente ao que me dicía meu pai (unha bolsiña de alcaiatas) e saín da casa co fastío de ter que facer o recado. Baixei por Carabela a Pinta e antes de chegar á Praza de Abastos ollei con certa melancolía para o Canellón das Sete Curvas. Aquela era a miña ruta preferida cando tiña a bicicleta: percorrer a estreita canella pedaleando a toda velocidade coa esperanza de que ninguén se me cruzase no camiño. Iso era o que facía sempre que, por exemplo, miña avoa me mandaba a buscar o pan á panadería das Adrianas, que lle gustaba máis que o de Valentina. Non podía facelo cando me mandaba levar ao forno da panadería as empanadas que preparaba na casa, pois a lombos da bicicleta existía un alto risco de que non chegasen íntegras. Pero como aquel día non tiña a bicicleta, optei por continuar polo camiño máis recto, rúa abaixo, pasando por diante da Praza de Abastos (bastante máis fermosa daquela, antes de que a reformasen) e por diante da parada dos ATSA, que tiña un pequeno despacho nos baixos do convento. Algúns anos despois, cando xa se enxergaba un turismo incipiente, nos baixos do convento abriría tamén as súas portas aquela xa desaparecida tenda de regalos chamada Nazaret.

Dobrei a rúa no paseo de Elduayen. Daquela aínda non existía o quiosco dos cegos, onde pouco tempo despois acudíamos a cambiar os tebeos vellos por outros que aínda non leramos. Un soldado de reemprazo facía garda diante da Comandancia da Mariña. Ao chegar á Caixa de Aforros apurei o paso, deixando atrás a tenda de don Enriquito, a quen a miña avoa lle tiña moita lei; con todo, cando nos mandaba aos netos aos recados íamos á de Carlitos, que estaba máis cerca, sen

dicirlle nada. Pasei a barbería de Manolo (o home de Sara, a do quiosco) e cheguei á de Aurelito.

A ferretería de Aurelito quedaba á altura da vella lonxa e sempre tiña o escaparate cheo de cestas e canas de pescar, de ganapáns e de poteiras. Era unha paisaxe semellante á do baixo da nosa casa familiar. Entrei disposto a cumprir coa encomenda, pero, sen decatarme, polo camiño sufrín un lapsus lingüístico que fixo que as palabras «alcaiatas» e «alpargatas» se me cruzasen para fundirse nunha única verdade absoluta. Así que entrei na de Aurelito e, todo decidido, pedín unha bolsa de alpargatas. Polo sorriso do dependente xa intuín eu que algo ía mal. Divertido coa miña ocorrencia de ir mercar unhas alpargatas a unha ferretería, o home indicoume que alí non vendían ese tipo de mercadoría e que para compralas tiña que me dirixir á tenda das Verísimas, un establecemento de teas que era ao tempo mercería e zapatería. O seu escaparate estendíase ata os baixos da Casa de Mendoza (a Casa do Deán), daquela en estado de semi-abandono. Da noite en que a Casa de Mendoza ardeu, algúns anos máis tarde, o día das Festas da Anunciada, gardo eu unha das lembranzas máis vivas da miña infancia. O incendio daquel edificio de pedra, e madeira por dentro, foi tan impresionante como espectacular. Moito antes, ao pé dese edificio, aínda que iso malamente o lembro, apañaba eu o tranvía da man do meu avó.

A pesar das estrañas indicacións que me deu o dependente da ferretería sobre as alpargatas (meu pai díxerame na ferretería e meu pai non podía equivocarse), decidín facerlle caso, e dirixinme con valentía á tenda das Verísimas. Naquel espacioso local atendeume unha muller que me preguntou de que número quería as alpargatas. Eu, sorprendido, díxelle que non sabía de que número as precisaba meu pai, pero que, en todo caso, eran para colgar uns cadros nas paredes. A boa da muller miroume cos ollos atónitos. Como non parecía entender que meu pai quixese pendurar un cadro da parede cunhas alpargatas, esforceime en explicarllo de novo. Foi daquela cando a señora, a morrer coa risa, díxome, ah, entón ti o que queres son unhas alcaiatas. E cun sorriso de condescendencia díxome que as alcaiatas non se vendían alí, que para mercalas tiña que ir á de Aurelito. Cando me decatetei do meu erro unha calor abafante, irreprimible, subíume ás meixelas. Coa cabeza gacha volvíñ á ferretería de Aurelito, pero non me atrevín a entrar. Estaba tan azorado polo que me acababa de suceder que só pensar en volver a entrar na ferretería e que se decatasen de que o que eu quería realmente eran unhas alcaiatas e non unhas alpargatas dábame moitísima vergoña. Así que decidín que non entraba. Non quería pasar por ese mal trago. Dei media volta e metínme polo canellón transversal que levaba ata a porta do cine. Logo virei á esquerda para beber un grollo de auga na Fonte de Ceta. A verdade é que non tiña sede ningunha, pero aquel incidente puxérame acalorado. Despois de refrescarme dubidei se camiñar cara á Porta da Vila ou regresar polo casco vello. Estaba atordado polo suceso que acababa de protagonizar. Optei por regresar. Parei diante da porta do cine a ver os carteis. A semana anterior estivera na sala vendo King Kong, aquela película grotesca que non me fixera gracia ningunha, a pesar de que procurara disimulalo diante dos moitos nenos da vila que ateigaban o cine armando unha auténtica barafunda. Ao saír estábamos tan excitados que fomos xogar a polis e cacos. A verdade é que eu prefería ir, aínda que fose andando, ao cine da Ramallosa, onde os asentos eran

mellores e o señor Latino poñía películas máis atractivas (as da Pantera Rosa, por exemplo). O de Baiona, máis que un cine, parecía unha sinistra cova de Alí Babá.


Avancei por Ventura Misa ata cortar por unha das calellas transversais para volver ao paseo de Elduayen. Bastantes anos despois, en canto cumprín os dezaioito, acudiría eu a aquela altura da rúa Ventura Misa a sacar o carné de conducir nos locais da autoescola Baiona La Real. Aínda que non lembro o seu nome, tivera un monitor magnífico, que me levaba pola vella estrada ata Silleiro, ata Mougás ou ata Oia, estreita e chea de curvas, e me obrigaba a conducir de présa, ensinándome a acelerar nas rectas e a frear antes de entrar nas curvas.

Baixei, dicía, novamente a Elduayen, coa intención de me dirixir á ferretería de Agustín Penedo, da que non eramos clientes pero na que tiña esperanzas de atopar unhas alcaiatas. Así evitaría a vergoña de ter que recoñecer o meu erro ante os dependentes da ferretería de Aurelito e ser motivo de cachondeo. Ademais, sabían que eu era neto do Rapaciño e era moi probable que o incidente chegase á miña casa. Entrei temendo que non houbera alcaiatas pero, para a miña fortuna, non houbo problema ningún. Saín de alí aliviado, contando os cartos da volta e matinando na idea de que logo de tanto barullo resultaría agradable mercar no quiosco algunha galdrumada. Ao meu ver, logo dun recado tan confuso tíñao ben merecido e, cando menos, sufocaría un pouco aquela calor interior que se apoderara de min. Ademais, o que menos me apetecía naquel momento era regresar á casa. Así que fun ao quiosco de Sara (tan simpática coma sempre), merquei varias tiras de regaliz e púxenme a rillar nelas mentres percorría a modo Elduayen.

Pasei por diante do Atlanta, daquela a primeira cafetería da vila e por un tempo a única que poñía mesas no paseo (máis tarde, a infraestrutura turística inicial quedou completa cando abriu o exitoso Bodegón Soto, pioneiro no churrasquismo turístico de Baiona). Atravesei Carabela a Pinta distraendo a vista nos diversos cachifallos que Carlitos exhibía pendurados do escaparate da súa tenda; pasei o restaurante Ribeira e a churrería de Emilín e antes da cafetería Monterrey crucei a rúa.

Sentei no muro da praia, galdrumeiro, mirando para o chiringuito de Emilín e lambendo na regaliz. A min non me apaixonaban os churros, pero había que recoñecer que os de Emilín tiñan sona e vendíaos ben. Algúns anos máis tarde, o alcalde quixo botar a Emilín de alí, pero, ante a presión popular de solidariedade co churreiro, tivo que concederlle permiso para que abrise unha churrería na Ribeira, onde ao final o negocio lle foi moito mellor, pois puido engadir unha terraza para que a xente sentase a degustar tamén o seu chocolate.

A mañá estaba moi tranquila –seguramente porque se achegaba a hora de xantar– e non se vía a ninguén na Palma. Había un vento suave que erguía algo de po daquela grande explanada de terra que a Palma era. A Palma sempre foi o pulmón da vila. Cando chegase xullo e agosto aquel sería o campo das festas do Carme e da Anunciada e encheríase todo do rebumbio alegre do xentío. Na Anunciada era tradición ir á Ribeira a contemplar o esperado lucerío de cores, o único que se botaba daquela en toda a comarca. No Carme era festa grande na casa familiar, unha data que para un mariñeiro como o meu avó non podía pasar sen celebración. Ademais, era o santo da miña avoa. Durante aqueles días comíase a fartar e a xente entraba e saía da nosa casa sen descanso. E sempre había extras. Para un neno, aquilo era algo adorable. Á noite íamos á verbena e, cando chegaba a reticente hora de volver



*Non estaba permitido ir á praia da Barbeira polo camiño intramurallas.  
A Barbeira 1966.*

á casa, eu gabeaba pola ventá do meu cuarto, que estaba no faiado, saía ao tellado e sentaba alí a escoitar a música da orquestra ou da banda, segundo tocasse. Logo, cos anos e o desleixo político a Palma transformouse nun paseo alacantino de pésimo gusto, cun arrepiante palco de formigón que, por fortuna, xa non existe. Lembro que Georgie Dann foi un dos primeiros en encher aquel escenario coa súa voadora


música estival. A Palma, con todo, mantívose sempre como un lugar irreductible. Primeiro, contra os intentos do alcalde Pereira, que quixera abrir alí unha gasoleneira e tivera que ceder tras ser asediado por unha manifestación de mulleres e nenos cando tomaba a chiquita no bar de Lola, a Zapatilleira (que despois pasou a ser o restaurante Ribeira e actualmente o Pedro Madruga). Logo, contra as pretensións especulativas e as sonadas recualificacións do alcalde Benigno Rodríguez, Chicho, dono do devandito restaurante. Posteriormente, o conflito do aparcamento case lle costa o posto ao alcalde Manuel Vilar, e a súa construción supuxo un enfrontamento entre os veciños que nalgunhas familias aínda perdura hoxe.

En canto acabei de rillar na regaliz saltei á praia. Estaba a marea baixa, así que podía ir á Barbeira sen problemas. Cando a marea estaba alta, os nenos eramos quen de pasar sen mollarnos, pegados coma lapas á parede da fortaleza, pero sempre había un certo risco de que caesemos vestidos á auga. Naquela zona, o tempo mostrounos como as instalacións do Club de Yates foron apropiándose cada vez máis do paso á beira do mar. Non estaba permitido ir á praia da Barbeira polo camiño intramurallas e algúns mariñeiros (lembro sobre todo a Angelito, pero tamén a Filomeno) gañábanse a vida no verán transportando bañistas nas súas gamelas dunha praia á outra ao berro de “a ver quien se viene, a ver quien se viene”. Coa baixamar pasaban, xustiños, por debaixo do peirao e coa preamar tiñan que rodealo.

Cheguei, brincando por enriba das rochas e co sabor da regaliz aínda na boca, ao peirao do Club de Yates, que no verán era o lugar preferido dos nenos para nos bañar. Desde alí tirábámonos á auga (sobre todo coa marea baixa) e logo gabeabamos por aquelas oxidadas escadas de ferro incrustadas no formigón para volver a saltar unha e outra vez.

Tamén a aqueles pantaláns, aos do Club de Yates, iamos ás veces a pescar a liña xureliños e voraces, levando como carnada a maga dunha sardiña ou, simplemente, o anzol. E ben que picaban. Certo é que eu prefería saír ao mar na gamela do meu avó, pois aquilo era pescar de verdade. O malo é que el saía ás cinco da mañá e eu precisaba contar coa súa benevolencia e coa de meus pais para que me levase e, por suposto, para que me espertase. Ás veces iamos largar os trasmallos fronte á Concheira ou ao Rompeolas e volvíamos á casa coa gamela ben cargada de peixe, o que alegraba os ollos da miña avoa. A min gustábame especialmente ir arriar as redes, que tiña máis emoción. En todo caso, conformábame co papel de auxiliar de

a bordo e que me deixase colocar os toletes, remar de cando en vez e responsabilizarme de achicar auga cunha lata ou mesmo cun funil feito a partir dunha botella de lixivia. Cando ía pescar a liña, el coñecía un punto no mar onde as fanecas picaban de seguido. Para atopalo tiña que situar a gamela de xeito que enfiase a cheminea da fábrica de Puga por unha banda, coa Torre do Príncipe por outra e logo abrirse ao mar ata que se divisase o



*A onde realmente nos gustaba ir era a dar a volta por detrás do castelo. Monte do Boi, 1976.*

Hotel Rompeolas por detrás do Monte do Boi. El sabía que naquel lugar da baía, no fondo do mar, había unhas pedras sobre as que habitaba un rico banco de fanecas. Unha vez alí, fondeaba a gamela coa poutada (ou co rizón), botaba ao mar unha liña con tres anzois e as fanecas subían de tres en tres.

Desde que eu teño lembranzas, o meu avó estaba xubilado e xa non exercía como patrón, pero o sabor do mar tiraba del coa forza dun imán e seguía entregándose ás súas entrañas coa súa gamela, chamada Mercedes, mimada coma se fose unha amante. O meu avó deixou tras si unha lenda case mítica que aínda hoxe os máis vellos da vila (daquela mozos) lembran. O Rapaciño tiña sona de ser o mellor patrón que andaba á sardiña de todas as Rías Baixas. Mesmo se conta a anécdota dunha ocasión en que volvía do mar co barco cargado de xurelos, cando o xurelo non valía nada, como santo remedio por non atopar sardiña. E durante o regreso a porto, de súpeto mandou tirar toda a carga de xurelos pola borda para largar as redes e apañar sardiña. A maior parte dos mariñeiros negáronse por medo a perderlo todo, pero finalmente seguiron as súas ordes. De alí a pouco tiñan o barco cargado de sardiña a rebordar. Disque aquel día foi o único barco que chegou a porto con peixe. De feito, contan que por ese motivo todos os mariñeiros, que andaban ao quiñón, querían embarcar con el.

Desde o peirao do Club de Yates baixei á Barbeira. Ao final da Barbeira, subindo por un carreiriño, agachada entre as silvas, unha das portas da muralla permanecía sempre aberta. Aquel era o lugar polo que os nenos nos coabamos sen pagar. Pero alí poucas veces se nos perdera algo. A onde realmente nos gustaba ir era a dar a volta por detrás do castelo. Nas selváticas faldras do Monte Boi (hoxe convertido nun frecuentado paseo) había un imperceptible carreiro que durante a maior parte do percorrido se desdebuxaba entre a mesta vexetación. Acudiamos alí con frecuencia, desde a Concheira, a enredar, a cazar gatos silvestres, rolas ou pombas, ou simplemente a afastarnos da civilización e sentirnos Robinson Crusoe por un anaco. E de cando en vez realizabamos a proeza de dar a volta completa, ata a doca. A doca, sen embargo, non foi un lugar que frecuentásemos ata que, posteriormente, procederon á súa ampliación.

Enredei un chisco por riba da muralla e logo saín pola entrada principal. Debía regresar á casa coas alcaiatas, pero non tiña ganas ningunhas, así que crucei a Pal-

ma, pasei por diante da farmacia das xemelgas e ocorrúeseme que se cadra aínda podía utilizar unha pequena parte da volta do diñeiro na sala de xogos sen que se notase. O encargado (un empregado de De Lis, o ex alcalde de Gondomar) era un home coxo e o seu aspecto e condición sempre nos metía medo no corpo porque tiña un aquel de pirata, pero a verdade é que nos trataba moi ben porque era amigo do meu avó. Xoguei nunha máquina nova na que había que mover unha pelota cuns aros e, cinco minutos despois, estaba de novo na rúa. Desde alí, era a mesma rúa, podía ver o portalón verde de entrada á casa do meu avó, pero considerei que aínda non era o momento de regresar. Así que, dando un rodeo para non ser descuberto por ninguén da familia, fun ao campo de Santa Liberata. Na bancada da casa do Areal unhas poucas persoas agardaban con cans a chegada do veterinario. Anos despois, o alcalde de Baiona, ao propietario daquela casa, nun acto de insólita racionalidade, meteríalle a vaca na cadea por mandato municipal. Debeu ser a primeira vaca do mundo en cumprir condena por ter pisado herba pública.


Desde Santa Liberata volvín baixar ao casco vello. Non sei durante canto tempo estiven dando voltas polas rúas. Xa non había ninguén porque era hora de xantar. Decateime de que como non regresase axiña á casa o castigo ía ser inevitable, así que volvín a todo correr. Decidín entrar pola porta de arriba, desde onde se accedía directamente á casa, en vez de facelo pola finca (que tiña o seu portalón de entrada para a rúa que máis tarde foi chamada Cidade de Vigo). Calquera dos dous accesos estaban permanentemente abertos pois naquela época, nunha pequena vila como Baiona, toda a xente se coñecía e non era preciso pechar as portas. A entrada de arriba daba a un camiño sen asfaltar que co tempo pasou a ser a rúa Marqués de Quintanar. Alí, agás unhas poucas casas baixas que continuaban a seguir da nosa (había sete, en total), en fronte había, sobre todo, campos. Xusto diante da casa dos avós estaba a chabola onde cosían as redeiras e onde se gardaban as redes, esas mesmas que en tempos eran tendidas nos terreos que quedaban á esquerda e que por ese mester sempre foron chamados Os Tendales (e iso xa pertence á memoria de miña nai, moito máis rica, intensa e prolongada da que eu poida ter). Naquela rúa, pola que raramente pasaba un coche, os rapaces xogabamos a polis e cacos logo de ter repartido os papeis de cada quen nas sortes do pavís pavós.

Co tempo, o que se encheu de mallas, redes en desuso, boias, chumbo, cortizas, poteiras, nasas e anzois foi o baixo da casa familiar, onde meu avó abeiraba a súa gamela cando non estaba fondeada no mar e onde, algúns anos máis tarde, tamén se fixo sitio para unha zódiac vella que un individuo de Ourense lle regalou a meu pai porque non lle daba uso.

A entrada daquela zódiac na nosa casa foi unha auténtica revolución para nós, os nenos, que deveciamos por saír ao mar con ela. Durante os anos en que a zódiac e o seu vello motor de cinco cabalos aínda sobreviviron (con buxías que perlaban continuamente no medio do mar) o Val Miñor fíxosenos moito máis pequeno. Un dos nosos itinerarios máis frecuentes era o de ir á praia da Ladeira na zódiac. Basicamente iamos á Fos (o topónimo sempre foi así, con seseo implosivo), quer dicir, á punta da Ladeira, o lugar onde había máis fanecas bravas por metro cadrado. Daquela, claro, non existía o cámping e un fermoso piñeirai medraba entre as dunas. Tamén realizabamos frecuentes excursións ás rochas da praia de Santa Marta, antes de que as estragasen facéndoas desaparecer baixo un vertedoiro de chatarra. Outro

fermoso destino ao que acudiamos coa zódiac eran as Illas Estelas, onde desembarcábamos nunha pequena praia de augas transparentes e engaiolantes fondos. A vexetación das illas, de matogueira baixa, estaba con frecuencia renegrida polos incendios.

Pero o itinerario se cadra máis apaixonante era o que nos levaba río Miñor arriba, pasada a ponte da Ramallosa, explorando, e abríndonos paso cos remos



*Basicamente iamos á Fos (o topónimo sempre foi así, con seseo implorivo), quer dicir, á punta da Ladeira, o lugar onde había máis fanecas bravas por metro cadrado. A Ladeira, 1968.*

(chegaba un momento en que era imposible continuar a motor) entre a vexetación, atravesando Borreiros ata Donas. Só se podía subir aproveitando a preamar e había que efectuar o regreso antes de que a marea baixase, pois logo a zódiac podía quedar varada e resultaba imposible sacala de alí.

Entrei na casa sixilosamente e en vez de subir as escaleiras para lle entregar a meu pai as alcaiatas (xa estaban na mesa, escoitábase o ruído dos cubertos) fun primeiro a realizar unha inspección rápida no baixo, que era aquela ampla estancia, para min un lugar apaixonante. Tiña a sospeita de que despois da miña tardanza aquela tarde non me ían deixar ir a Panxón.

A Panxón acudía de cando en vez a enredar na casa dun rapaz que era compañeiro de clase. Era unha daquelas casas á beira da praia nas que a area chegaba ata a porta, porque aínda non existía o paseo. Daquela, para min, o Val Miñor tiña o seu epicentro indiscutible en Baiona; de cando en cando acudiamos ao cine da Ramallosa (que sempre estivo fronte a estación do tranvía, onde continúa) e celebrabamos aquel letreiro que durante tantos anos permaneceu na ponte coa lenda de «sebendevicho». Aos meus ollos A Ramallosa non tiña máis atractivo que o de ser un cruce de camiños onde sempre paraba o ATSA no seu longo, exasperante percorrido ata Vigo. Moi puntualmente iamos ás festas de San Benito en Gondomar, desde A Ramallosa coa estrada empedrada; tamén ocasionalmente ao curro de Torroña; e con moita máis frecuencia ao mercado de Sabarís, onde a miña avoa acudía con devoción a mercar froita, sobre todo as carriñas, aquelas deliciosas ameixas negras e pequeniñas que viñan de Borreiros, Donas e Mañufe.

A onde meus pais nos levaban con moita asiduidade (para a nosa algarabía) era ás rochas de Mougás; alí adoitabamos bañarnos nas pequenas pozas ou nas entradas que o mar facía entre elas, ategadas de algas, mentres meu pai pescaba con facilidade polbos que logo preparaba a miña avoa na casa, tras mazalos sen piedade contra o pilón. Outras veces iamos bañarnos á piscina do cámping de Mougás, mentres eles quedaban na cafetería. A piscina era de auga salgada, escura coma a noite, e no seu fondo, naquel tempo en que as depuradoras aínda non eran obrigatorias, había un feixe de nasas con centolas, nécoras e langostas que servían de cetera para o restaurante do cámping. Aquela era a piscina máis natural e ao tempo máis exótica que lembran os meus ollos.

Logo da inspección rápida do baixo (sen novidades, por certo) dirixinme ás escaleiras. A esa altura xa estaba certo de que meus pais non me ían levar a Panxón pola tarde. A única esperanza era que me deixasen ir no ATSA. A verdade é que lembro o ATSA como unha auténtica tortura, cos seus eternos retrasos, cando tiña que collelo na primavera e no outono para ir ao colexio a Vigo. Os días presentábanse pesados e tristes cando chegaban as xeiras curtas e frías de outubro e había que madrugar moito para facer no ATSA aquel longuísimo percorrido de vinte quilómetros (se chovía persistentemente, en Sabarís sempre se desbordaba o río porque os ollos da ponte eran demasiado pequenos). Nalgún inverno de temporal, a Palma quedou cuberta polo mar e o Monte do Boi converteuse nunha illa. En Baiona, meus pais mandáronnos á escola en varias ocasións durante o verán, para que preparásemos as clases do curso seguinte (o que a min me parecía tremendamente inxusto, logo de aprobar todo en xuño); lembro acudir á escola a tres lugares diferentes, a última vez fronte ao mar do peirao («no encerado nacían peixes e gamelas nos ollos do profesor»).

Saquei as alcaiatas do peto do pantalón e subín sixilosamente as escaleiras, para entrar no comedor coma quen xa leva un bo anaco de tempo na casa. Agora só tiña que buscar unha explicación convincente para a miña tardanza e outra para dar conta do que pasara cos cartos que faltaban da volta.

Daquela, Baiona, vista desde o Cortelliño, semellaba un gato deitado ao sol da beiramar. Hoxe semella un tigre espeluxado e recluído nun zoolóxico. A selva de cemento en que se converteu a vila, impulsada pola especulación e a corrupción, avanzou nas últimas décadas coma unha enredadeira velenosa, limitando a beleza urbanística dunha das vilas máis fermosas de Galicia, despersonalizándoa e conducíndoa a unha situación de difícil saída. Hoxe, o Val Miñor segue estando en min. E o meu Val Miñor de hoxe non é mellor nin peor; só é distinto. Pero, sen dúbida, cambiou o seu epicentro. Por moito que me doia.